

## **A ECONOMÍA GALEGA. BALANCE E PERSPECTIVA NO TRÁNSITO SECULAR**

EMILIO PÉREZ TOURIÑO  
Partido dos Socialistas de Galicia (PSdeG)

*Recibido:* 4 abril 2000  
*Aceptado:* 15 xuño 2000

Nas últimas décadas do século XX, Galicia coñeceu un profundo proceso de transformación estrutural, unha ampla modernización, aínda que singularmente limitada e inconclusa nalgúns aspectos básicos.

Participou do crecemento económico vivido polo conxunto da sociedade española ó longo das últimas décadas. Nestes cambios, foron factores estratéxicos a institucionalización e desenvolvemento da autonomía, a apertura ó exterior coa integración europea e a dotación de capital físico e social. O desenvolvemento dos niveis de autogoberno e as novas pautas de identificación colectiva tiveron a súa correspondencia e soporte no campo económico.

O intenso crecemento do gasto público territorial en Galicia foi, se cadra, o acontecemento máis significativo e relevante que experimentou a economía e a sociedade galega nos últimos anos. A Comunidade Autónoma é o axente que protagoniza fundamentalmente este cambio. Neste período, o gasto autonómico medrou de xeito espectacular, pasando a xestionar dun 20% a un 40% do gasto público total.

Paralelamente viu cómo se multiplicaba por sete o seu stock de capital público en pesetas constantes desde 1964 ata a actualidade. En particular, acadou un ritmo de crecemento superior á media española desde 1985 e especialmente entre 1993 e 1995 nas infraestruturas físicas ou productivas. O resultado foi un notorio incremento da produtividade total dos factores que aumentou dende un 60 ata un 75% da media española nas tres últimas décadas. Téñense xerado novos grupos empresariais con pautas innovadoras –aínda que demasiado illadas– de cara á presenza nos mercados exteriores.

### **1. AS LIMITACIÓNS DUNHA MODERNIZACIÓN INCONCLUSA**

Fagamos, antes de analizármolas perspectivas de futuro, unha breve análise das limitacións do presente.

En primeiro lugar, o declive demográfico. Comezámo-lo século XX constituíndo o 11% da poboación española e rematámolo representando un 6,8%. Só nos úl-

timos 8 anos, 31.000 galegos menos. As expectativas do IGE van na dirección de ver acentuada esta tendencia regresiva nas vindeiras décadas. A poboación galega diminúe hoxe porque a baixa fecundidade –unha das máis baixas de España e de toda Europa– non é quen de compensa-los falecementos derivados do enorme peso da poboación senil, mentres en España a poboación medrará lixeiramente.

Perdemos, xa que logo, potencial demográfico, declinamos como colectivo humano, que é a primeira condición do desenvolvemento e da reprodución como país. As consecuencias da regresión demográfica e do avellentamento da poboación son dunha gran magnitude sobre o crecemento económico e sobre as finanzas rexionais, establecendo as bases dunha economía subsidiada e dependente.

Mais estas consecuencias van moito máis alá da economía. Galicia coñece un profundo proceso de desertización, de despoboación e de desequilibrio territorial.

En segundo lugar, os desequilibrios estruturais no mercado de traballo. Entramos no próximo século situados entre as 5 comunidades autónomas con máis paro de España, e entre as 25 rexións europeas con maior problema de paro. Un de cada 3 mozos non atopa emprego. O paro feminino duplica o masculino, e tamén duplica amplamente a taxa europea de paro feminino. Temos unha elevada temporalidade no emprego que practicamente triplica a europea: 1 de cada 3 empregos é temporal. O paro de longa duración en Galicia é significativamente superior ó español. A tendencia foi no sentido contrario á dinámica española no mercado de traballo coa excepción da última fase do ciclo: perda de emprego e redución de número de activos, o que permite aparentemente amortecer-la gravidade do problema.

Nun terceiro apartado poderíamos falar do afundimento nunha economía subsidiada. Galicia é unha comunidade autónoma receptora de importantes fluxos financeiros, beneficiaria das achegas económicas externas que son decisivas para o seu crecemento económico e para o mantemento do seu nivel de vida e benestar. Paralelamente isto pon de relevo a gran fragilidade económica do noso país.

Este sistema funcionou gracias ó Estado das Autonomías e gracias á aplicación dun sistema fiscal progresivo. Gracias, en suma, á existencia dun pacto de solidariedade interterritorial, que reflicte e expresa a solidariedade interpersoal coas zonas máis débiles.

En cuarto lugar, non lográmo-la centralidade. Seguimos a ter pendentes, e sen horizonte temporal e financeiro, elementos decisivos da nosa incorporación e integración nas grandes redes europeas: o tren, a autovía do Cantábrico, as conexións entre as cidades interiores, o eixe atlántico ferroviario, as cabeceiras do sistema portuario e aeroportuario.

Finalmente, o marco institucional precisa dunha profunda remodelación. Evidénciase o raquitismo financeiro e a falta de autonomía dos concellos galegos. Cómpre abordar-la reordenación territorial conforme á súa nova funcionalidade e tendo en conta o desenvolvemento das áreas metropolitanas. A Administración pública precisa unha reforma que a converta nun instrumento moderno, eficaz e máis

transparente. Debe perde-los lastres do intervencionismo e do clientelismo. Ser útil e accesible para as persoas e para o mundo empresarial.

## **2. O CONTEXTO NO NOVO SÉCULO**

Vivimos nunha economía máis globalizada e mundial, con fortes presións concorrentes e movementos de deslocalización empresarial. Un tempo caracterizado pola revolución da información e da comunicación, un cambio tecnolóxico continuo e coa metamorfose do emprego e do traballo.

As marxes das políticas macroeconómicas estreitáronse espectacularmente. Pódense discuti-los compoñentes de ingresos e gastos para obter un resultado razoable de equilibrio, pero é difícil rexeita-la necesidade mesma deste equilibrio. Os mercados de capitais encárganse de lembrarnos, de xeito implacable, que non confían na política económica que non vixía a inflación ou o déficit.

O Estado Nación está cambiando a súa estrutura en dúas direccións facilmente observables, como consecuencia do impacto que recibe da globalización. Por unha banda de cara á supranacionalidade, como vemos na Unión Europea. Pola outra de cara á “intranacionalidade”, de cara a unha nova distribución interna do poder do Estado Nación.

O debate para defini-lo papel do Estado será decisivo para os cidadáns e as súas oportunidades, para as empresas e o seu futuro, para o que chamamos estado do benestar e para un modelo de crecemento e desenvolvemento económico na nova realidade da revolución da información. Será necesario un novo pacto social que permita reorienta-lo estado de benestar para facelo compatible cos novos retos do paro masivo, da marxinação das novas xeracións e da discriminación feminina, nunha economía, como a galega, que se desenvolve nunha situación de economía periférica e con grandes diferenciais de converxencia real co seu contorno.

Cabe pensar nun escenario con tendencias ou inercias para as vindeiras décadas de prolongación das pautas actuais: un país con demografía feble e en recesión, a continuidade de Galicia nunha posición excéntrica, a readaptación da educación e da formación por cousa da mingua da poboación, o mantemento dos elementos máis característicos do sector público galego, a reprodución dos desequilibrios sociais e territoriais. Finalmente, sería un escenario de converxencia estacionaria: medraremos nos niveis medios de renda e benestar pero seguiremos a mante-las distancias con España e con Europa.

Así e todo, cabe formular outro escenario alternativo, máis ambicioso, pero posible. Capaz de transforma-los cambios en progreso.

O século XXI vai se-lo século da educación, sen dúbida, e xa estamos nese século desde hai algúns anos en moitos aspectos. A pesar dos avances producidos, Galicia segue á cola das CC.AA. no tocante ós niveis de estudio e cualificación profesional da man de obra ocupada: 15 puntos por debaixo, en canto ó número de titulados medios e superiores. O noso esforzo en educación e formación é bastante

inferior á media española. Quedamos atrasados mentres outros países avanza con rapidez.

Cómpre reforza-la formación xeral e maila profesional, fortalece-las relacións entre o sistema educativo e o sistema productivo, entre a escola e a empresa, entre formadores e empregadores, entre investigadores e produtores.

Se cada vez somos menos galegos a ecuación non consiste en axusta-lo gasto educativo a esa poboación decrecente, senón en multiplica-la formación e as capacidades das novas xeracións. É a nosa única opción e camiño.

As infraestruturas productivas, o capital físico, constitúe un elemento estratéxico para o desenvolvemento rexional polos seus efectos na competitividade da economía, na localización industrial e na creación de economías de aglomeración, no impulso da actividade económica e na mellora da calidade de vida.

En Galicia somos *finis terrae*, somos un país cunha posición excéntrica, unha fisterra-atlántica en relación cos grandes centros de actividade e desenvolvemento europeos. Debemos acada-la plena integración no espacio e nas redes europeas na vindeira década, superarmos definitivamente ese atranco secular da excentricidade. E debemos facelo convertendo, a un tempo, a nosa posición no Arco Atlántico nun factor positivo de características estratéxicas.

Galicia sitúase xeograficamente como rótula ou espacio de unión entre a rexión norte portuguesa con cabeceira no Porto e a comunidade asturiana, espacio que fai fronteira coa prolongación do eixe atlántico pola cornixa cantábrica de cara a Francia. Esta posición ofrécenos unha dobre oportunidade que debemos aproveitar, isto é, a de representar un espacio interrexional capaz de xerar suficiente masa crítica, suficiente economía de escala e aglomeración como para poder competir máis e mellor, reforzando a nosa cultura e a nosa identidade como país.

Por outro lado, esa posición atlántica é un privilexio para poder desempeñar unha función de enlace e plataforma con respecto ás relacións marítimas intercontinentais. O espectacular crecemento do transporte marítimo pon de manifesto a súa importancia. Temos aí a oportunidade para o desenvolvemento de Galicia, na estratexia de apertura da rexión cara ós mercados internacionais, de xeración de valor engadido e emprego.

A innovación de produtos e de procesos de organización empresarial debe abordarse desde a perspectiva do reforzamento da investigación, o desenvolvemento de políticas de difusión da innovación e a creación de estruturas de transferencia. Debemos incentiva-lo papel das pemes e a adaptación empresarial. O futuro pasa por apostar polas redes da información e da telecomunicación como enerxía dominante. Estimulando a súa difusión no sistema productivo, no sistema sanitario e no comercial.

O impulso da capacidade de innovación e de emprendemento de iniciativas empresariais precisa da redefinición do marco institucional e do papel e da contribución de Galicia en España e en Europa.

Trátase de afrontar-la reformulación desde un plano interno, reforzando a Administración local mediante a garantía da autonomía financeira dos concellos e impulsando a aplicación do principio de subsidiariedade.

Afronta-lo futuro con garantías supón a necesaria adecuación da ordenación territorial ás novas demandas e situacións, buscando a complementariedade e as sinerxías entre os axentes privados e públicos e entre as cidades de Galicia. Cómpre, ó tempo, impulsa-la cooperación interadministrativa e acada-los consensos básicos entre os axentes económicos e sociais.

Imponse unha reformulación da Administración pública, onde prime a transparencia e a eficiencia na utilización do orzamento público e o impulso da actividade privada.

No plano externo, Galicia xógase en boa medida o seu futuro na consecución dun sistema de financiamento autonómico estable, que garanta a maior autonomía financeira e a solidariedade interterritorial. Non debemos ir, en ningún caso, cara a un sistema de concertos e cotas xa que a súa xeneralización levaríanos á quebra do Estado moderno e ó seu adelgazamento ata o punto de perde-la súa capacidade reequilibradora.

O escenario dun sistema de financiamento autonómico baseado nos principios de cohesión social e reequilibrio territorial persegue a consecución dun desenvolvemento sostible da economía galega apoiado nas actividades e complexos estratéxicos aportadores de máis valor engadido.